

9 certame pintura rápida ó aire libre cidade de Lugo

12
xullo
09

O Excmo. Concello de Lugo convoca o 9º Certame de Pintura Rápida ó Aire Libre "Cidade de Lugo" de acordo coas seguintes bases:

1- Poderán participar neste certame todos os artistas que o desexen. Cada autor só poderá presentar unha obra e non poderá asinala ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado.

2- O estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará en torno á cidade de Lugo. O espazo físico desta edición de 2009 debe ser o interior do recinto amurallado e a parte superior da muralla, denominado adarve ou paseo de ronda. Non se admitirá o uso de fotografías nin de reproducións ou publicacións. A execución será directa, diante do motivo ou do modelo natural.

3- O boletín de inscrición e o impreso das presentes bases poderán ser recollidos nas dependencias da Sección de Cultura do Excmo. Concello de Lugo (praza Maior 1) e na Sala de Exposicións "Uxío Novoneyra" (rúa Quiroga Ballesteros s/n). As inscricións realizaranse no Departamento de Cultura do Excmo. Concello de Lugo o propio día do certame, no momento de selado dos soportes e serán gratuítas. O Certame terá lugar o domingo, día 12 de xullo de 2009.

4- Cada participante levará o material que poida necesitar e considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído (de ser posible) o seu cabalete onde se exporá a súa obra.

5- O soporte non sobrepasará as medidas de 100x81 cm., e presentarse o día do Certame de 9.00 a 11.00 da mañá no Departamento de Cultura do Concello de Lugo (praza Maior 1), para ser selado.

6- O tempo para presentar as obras rematará ás 17.00 horas e realizarase no control establecido na Praza Maior ou nun lugar máis axeitado que determine a organización, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18.00 horas. A partir dese momento os autores dos cadros non premiados poderán poñer á venda as súas obras, asinandoas e poñéndolles na parte traseira o seu importe. Esta exposición ó aire libre prolongarase ata as 20.00 horas.

O xurado que avalíe as obras estará composto por profesionais das artes plásticas.

7- As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Lugo, así como os dereitos de reprodución.

8- Entre os días 13 e 17 de xullo vaise realizar a exposición das obras na sala de exposicións Uxío Novoneyra en horario de 16.00 a 21.00 h. Os autores das obras non premiadas dispoñerán de prazo ata o día 24 de xullo para a súa retirada; de non facelo, enténdese que renuncian á propiedade da obra e esta pasa ó Concello.

9- O Concello poñerá o maior coidado na conservación das obras, pero non responderá do deterioro que poidan sufrir por causas alleas ou de forza maior.

10- Os premios, que estarán suxeitos á retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.700 ₣ e diploma
2º.- 1.200 ₣ e diploma
3º.- 900 ₣ e diploma
7 accesits de 600 ₣ e diploma

premio especial ó artista local, nacido ou residente en Lugo, non compatible coa obtención dos outros premios.

500 ₣ e diploma

11- Establécese, ademais da categoría de adultos, unha xuvenil dirixida a rapaces que teñan entre 13 e 17 anos.

Os premios serán:

1º.- Bono de 400 ₣ en material de pintura e diploma
2º.- Bono de 300 ₣ en material de pintura e diploma
3º.- Bono de 250 ₣ en material de pintura e diploma

Os bonos poderanse cambiar en tres establecementos especializados da cidade (Pepa Arte e Deseño, Nova Rúa Arte e SM Arte), cunha facturación dese importe, incluíndo o IVE.

12- Para calquera consulta sobre algún pormenor da actividade, por favor, póñanse en contacto co Departamento de Cultura nos teléfonos 982 297212/17/57 ou no correo-e cultura@concellodelugo.org

13- A participación neste Certame implica a aceptación total das presentes bases.

9 certamen pintura rápida al aire libre cidade de Lugo

12
julio
09

El Excmo. Ayuntamiento de Lugo convoca el 9º Certamen de Pintura Rápida "Cidade de Lugo" con arreglo a las siguientes bases:

1- Podrán participar en este certamen todos los artistas que lo deseen. Cada autor sólo podrá presentar una obra y no podrá firmarla hasta el momento en que se conozca el dictamen del jurado.

2- El estilo y la técnica serán libres y su temática girará en torno a la ciudad de Lugo. El espacio físico de esta edición de 2009 debe ser el interior del recinto amurallado y la parte superior de la muralla, denominado adarve o paseo de ronda. No se admitirá el uso de fotografías ni de reproducciones o publicaciones. La ejecución ha de ser directa, delante del motivo o modelo natural.

3- El boletín de inscripción y el impreso de las presentes bases podrá ser recogido en las dependencias de la Sección de Cultura del Excmo. Ayuntamiento de Lugo (plaza Mayor 1) y en la Sala de Exposiciones "Uxío Novoneyra" (calle Quiroga Ballesteros s/n). Las inscripciones se realizarán en la Sección de Cultura del Excmo. Ayuntamiento de Lugo el propio día del certamen, en el momento de sellado de los soportes y serán gratúitas. El Certamen tendrá lugar el domingo, día 12 de julio de 2009.

4- Cada participante llevará el material que pueda necesitar y considere oportuno para la realización de su trabajo, incluído su cabalete donde se expondrá la obra.

5- El soporte no sobrepasará las medidas de 100x81 cm., y se presentará el día del certamen de 9.00 a 11.00 horas en el Departamento de Cultura del Ayuntamiento de Lugo (plaza Mayor 1), para ser sellado.

6- El tiempo para presentar las obras acabará a las 17.00 horas, y se realizará en el control establecido en la Plaza Mayor o en un lugar más adecuado que determine la organización, donde se conocerá el dictamen del jurado a las 18.00 horas. A partir de ese momento los autores de los cuadros no premiados podrán poner a la venta sus obras, firmándolas y poniéndoles

en la parte posterior su importe. Esta exposición al aire libre se prolongará hasta las 20.00 horas. El jurado que evalúe las obras estará compuesto por profesionales de las artes plásticas.

7- Las obras premiadas pasarán a ser propiedad del Excmo. Ayuntamiento de Lugo, así como los derechos de reprodución.

8- Entre los días 13 y 17 de julio se va a realizar la exposición de las obras en la sala de exposiciones Uxío Novoneyra en horario de 16.00 a 21.00 h. Los autores de las obras no premiadas dispondrán de plazo hasta el día 24 de julio para su retirada; de no hacerlo, se entiende que renuncian a la propiedad de la obra y ésta pasa al Ayuntamiento.

9- El Ayuntamiento pondrá el mayor cuidado en la conservación de las obras, pero no responderá del deterioro que puedan sufrir por causas ajenas o de fuerza mayor.

10- Los premios, que estarán sujetos a la retención fiscal establecida, serán:

1º.- 1.700 ₣ y diploma
2º.- 1.200 ₣ y diploma
3º.- 900 ₣ y diploma
7 premios de 600 ₣ y diploma

premio especial al artista local, nacido o residente en Lugo, no compatible con la obtención de los otros premios.

500 ₣ y diploma

11- Se establece además de la categoría de adultos, una juvenil dirigida a chicos que tengan entre 13 y 17 años.

Los premios serán:

1º.- Bono de 400 ₣ en material de pintura y diploma
2º.- Bono de 300 ₣ en material de pintura y diploma
3º.- Bono de 250 ₣ en material de pintura y diploma

Los bonos se pueden cambiar en tres establecimientos especializados de la ciudad (Pepa Arte e Deseño, Nova Rúa Arte e SM Arte), con una facturación de ese importe, incluíndo el IVA.

12- Para cualquier consulta pónganse en contacto con el Departamento de Cultura en los teléfonos 982 297212/17/57 o en el correo-e cultura@concellodelugo.org

13- La participación en este Certamen implica la aceptación total de las presentes bases.

Ejemplar para el Ayuntamiento

Nombre

Apellidos

Dirección

Población

C.P.

NIF

Tfno.

Correo-e

Título de la obra

Ejemplar para el interesado

Nombre

Apellidos

Dirección

Población

C.P.

Nif

Tfno.

Correo-e

Título de la obra

Exemplar para o Concello

Nome

Apelidos

Enderezo

Poboación

C.P.

NIF

Tfno.

Correo-e

Título da obra

Exemplar para o interesado

Nome

Apelidos

Enderezo

Poboación

C.P.

Nif

Tfno.

Correo-e

Título da obra



Concello de Lugo
Concellería de Cultura
e Turismo

Colaboran:



9 certame
pintura rápida
ó aire libre

12
xullo
09



cidade
de Lugo